

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE MAIO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:15 horas do día 5 de maio de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. David Regades Fernández
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela (asiste aos puntos 1a e 1b)
D. José Riesgo Boluda (asiste aos puntos 1c en diante)
D^a. Fátima María Dueñas Corchero (asiste ao punto 4a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 8a, 8b, 9a, 9b e 11a)
D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 8a, 8b, 9a e 9b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 20 de abril de 2017

Apróbase a acta do 20 de abril de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D. Óscar Couce Senra.

b) Acta do 25 de abril de 2017

Apróbase a acta do 25 de abril de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

c) Acta do 28 de abril de 2017

Apróbase a acta do 28 de abril de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. José Riesgo Boluda.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104)

A secretaria le o listado co único licitador presentado neste procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:00	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF4C-E8BF34-A35541-XC8EBA-FFL3A4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

algún conflito de intereses co licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación, en acto público, ábrese o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” presentado por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. co seguinte resultado:

VALENCIA			IBIZA			PALMA MALLORCA			Nº enlaces	Prezo
Nº prazas 2017	Nº prazas 2018	Nº prazas 2019	Nº prazas 2017	Nº prazas 2018	Nº prazas 2019	Nº prazas 2017	Nº prazas 2018	Nº prazas 2019		
3.000	4.000	4.000	1.200	1.200	1.200	1.200	1.200	1.200	17	608.264,46 €

O licitador declara CONFIDENCIAL a súa oferta.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 3 de maio de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 3 de maio de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:00	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF4C-E8BF34-A35541-XC8EBA-FFL3A4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 3 de maio de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” e acorda **excluir** deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar “*na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada*”, en cumprimento do previsto no apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:

1. I-INGENIA INGENIERÍA Y ARQUITECTURA, S.L.
2. AIN ACTIVE, S.L.U.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 3 de maio de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” e acorda **excluir** deste procedemento a AIN ACTIVE, S.L.U. por non acadar “*na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada*”, en cumprimento do previsto no apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:00	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF4C-E8BF34-A35541-XC8EBA-FFL3A4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de decembro de 2016, de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. e NAROM, S.L. por non dispor da solvenza técnica e económica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando no prazo concedido:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	94,99
2	EXTRACO, S.A.	94,27
3	UTE NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. - MONCOSA OHS, S.A.	94,15
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	93,45
5	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	93,08
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,56
7	ORESA, S.L.	92,16
8	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA)	92,07
9	UTE DEMAÍN OBRAS Y SERVICIOS, S.L.- HIDROMIÑO, S.L.U.	92,06
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. E CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.A.	92,02
11	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	91,97
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	91,73
13	UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	91,29
14	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	91,19
15	CONSTRUCCIONES OREGA, SL.	90,88
16	ORECO, S.A.	90,84
17	ELSAMEX, S.A.	89,37
18	UTE SIELVIGO, S.L. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	89,28
19	COPCISA, S.A.	88,76



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o día 20 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 2 de maio de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de maio de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 6 de marzo e 4 de abril de 2017, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:00	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF4C-E8BF34-A35541-XC8EBA-FFL3A4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440) por un prezo total do contrato de 628.366,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 109.055,31 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 24 de abril de 2017 se concedeu un prazo de tres días hábiles a varios licitadores presentados neste procedemento, entre eles MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L., para que puidesen emendar a declaración responsable.

Dentro do prazo concedido, que remataba o 27 de abril de 2017, a citada empresa non presentou documentación ningunha a través do Rexistro Xeral, polo que a Mesa, na sesión do 28 de abril de 2017, acordou non admitila neste procedemento porque *“a solvencia técnica e profesional que declara resulta insuficiente para a prestación deste lote, de conformidade coa cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 3F do seu Anexo I -FEC-. Solicitada a emenda da declaración responsable con data do 24 de abril de 2017, a empresa non presentou documentación ningunha en prazo”.*

Con data do 28 de abril de 2017, xa rematada a sesión da Mesa, recíbense no Servizo de Contratación dúas queixas presentadas o 27 de abril de 2017 (código das solicitudes W225596-5500 -documento nº 170061410- e W225595-7905 - documento nº 170061441-) a través do rexistro do 010 por MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L. co seguinte texto:

1. *“Contestación requirimento de documentación relativa a contratación do servizo de organización e xestión dos campamentos de verán 2017: lote 6”*
2. *“Documentación alegación solvencia técnica lote 6 campamentos de verano”*

Tendo en conta o anterior, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

- Non admitir a MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L. no procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) por non ter solvencia técnica e profesional suficiente para a prestación do lote 6 “CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO” e non ter emendado a declaración responsable no prazo concedido por ningún dos medios admitidos legalmente (artigo 16.4 da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:00	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF4C-E8BF34-A35541-XC8EBA-FFL3A4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

En todo caso, a documentación que presenta a través do Rexistro do 010 non emenda a declaración responsable do licitador, xa que o contrato que declara, *"Campamentos urbanos municipais del Ayuntamiento de A Coruña 2014"*, non se corresponde con *"servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato"* (como esixe a cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP-), pois o lote 6 inclúe pernocta, segundo se desprende dos pregos que rexen esta contratación.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 09:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:00	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF4C-E8BF34-A35541-XC8EBA-FFL3A4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		